

FICHAS DE PREVENCIÓN DE RISCOS NO SECTOR AGROPECUARIO



QUE FAGO EN CASO DE ENFERMIDADE COMUN/ACCIDENTE NON LABORAL?

QUE PRAZO TEÑO ? :

Temos 15 días naturais dende que o persoal médico do SERGAS nos da a baixa médica para comunicar á Mútua ou ao INSS (Instituto nacional da Seguridade social) quen queda a cargo ou se pechamos a explotación.

QUE DOCUMENTACIÓN HAI QUE APORTAR ? :

3 últimos cupóns da Seguridade Social, fotocopia do DNI, Certificado da conta bancaria, impreso de solicitude (cada mutua ten os seus), declaración de situación da actividade (moi importante entregala nos **15 días naturais** seguintes á baixa médica) e parte de baixa médica.

Logo hai que entregar semanalmente os partes de confirmación que nos da o/a médico/a de cabeceira.

DONDE SE SOLICITA ?:

Hai que entregar a solicitude e a documentación ou no INSS ou na mutua que temos escollida (se non lembramos cal é pode preguntarse na SSocial).

CANTO SE COBRA ? :

Os cálculos coa base mínima deste ano son : $850,20 / 30 = 28,34 \text{ €}$

Os tres primeiros días non se cobran

Do 4º ao 20º día : $60 \% 28,34 = 17 \text{ €/día}$ (289 €)

Do 21º día en diante: $75 \% = 21,26 \text{ €}$

DURACIÓN :

O tempo máximo que se pode estar de baixa médica son 12 meses, que se pode ampliar 6 meses máis se o decide a inspección médica.

IMPUGNACIÓN DE ALTA MÉDICA:

se nos dan a alta médica e non estamos conformes coa alta temos **4 días naturais** para impugnar esa alta médica

QUE FAGO EN CASO DE ACCIDENTE DE TRABAJO?

QUE SE ENTENDO POR ACCIDENTE DE TRABAJO ? :

Aquel dano ou lesión que ven como consecuencia do noso traballo(exemplo:caída cando estamos xuntando o gando nun prado)

QUE PRAZO TEÑO ? :

Temos o mesmo prazo que en enfermidade común/accidente non laboral; coa diferenza de que quen da a baixa médica é o persoal médico da mutua. Isto fai que sexa moi importante comunicar ou ir (se é posible) o mesmo día ou canto antes á oficina da mutua máis cercana a donde vivimos.

QUE DOCUMENTACIÓN HAI QUE APORTAR ? :

3 ultimos cupóns da SSocial, fotocopia do DI, certificado da conta bancaria, impreso de solicitude(cada mutua ten os seus), declaración de situación da actividade(moi importante entregala nos **15 días naturais** seguintes á baixa médica) parte de baixa médica e parte de accidente de traballo(obrigatoriamente hai que envialo por internet).

DONDE SE SOLICITA ? :

hai que entregar a solicitude e a documentación ou no INSS ou na mutua que temos escollida(se non lembramos cal é podese preguntar na SSocial).

CANTO SE COBRA ?

Os cálculos coa base mínima deste ano $850,20 / 30 = 28,34 \text{ €}$

Cobrase dende o día seguinte á baixa médica

$28,34 \text{ €} \cdot 75 \% = 21,26 \text{ €}$

DURACIÓN :

O tempo máximo que se pode estar de baixa médica son 12 meses, que se pode ampliar 6 meses máis se o decide a inspección médica.

IMPUGNACIÓN DE ALTA MÉDICA:

se nos dan a alta médica e non estamos conformes coa alta temos **4 días naturais** para impugnar esa alta médica.

**** Olla !!**

Cando temos un accidente de traballo e imos ao hospital, logo debemos enviarlle unha copia do parte de accidente de traballo (se temos baixa médica) ou unha copia do parte de accidente sen baixa médica, se non enviamos esta documentación o hospital enviara unha carta na cal di que se non lla enviamos emitira factura polo asistencia sanitaria.